

ACTA DO XURADO DO PREMIO DO II CERTAME MICROTEATRO DA MEMORIA

O luns 13 de decembro de 2021, ás 17 h., reúnese, por videoconferencia, o Xurado do II Certame Microteatro da Memoria, organizado polo Servizo de Dinamización da Lingua Galega da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADG) e pola Deputación de Pontevedra e o seu Departamento de Memoria Histórica.

Forman parte do Xurado: Daniel González Salgado, con DNI. 36136243T; Eva Mejuto Rial, con DNI. 76815982F; e Francisco Javier Núñez Alonso, con DNI. 53184653M.

Actúa como secretario Afonso Becerra Arrojo, con DNI. 76573760K, Xefe do Servizo de Dinamización da Lingua Galega da ESADG.

Unha vez lidos os 10 textos presentados, **o Xurado acorda outorgar o Premio do II Certame Microteatro da Memoria 2021 á peza titulada *A patente do sol*, de Sara Rey Seoane.**

O Xurado sinala que a peza ganadora axuda a reflexionar sobre a memoria cunha ollada desde o presente. Establece unha conexión coa actualidade.

Destaca un aspecto histórico descoñecido, como é o da epidemia da Polio e as súas secuelas, así como as marcas físicas da posguerra, e faino desde a perspectiva da poboación civil.

Alterna partes de narración directa e outras de diálogo. Na parte máis narrativa o discurso implica unha carga emocional, sen caer no sentimentalismo.

Valórase que, desde o contexto actual de pandemia, se lembre outra situación semellante, que foi negligentemente xestionada e silenciada.

Tamén se valora a súa viabilidade escénica, xa que tanto o tema como o seu tratamento permiten múltiples solucións.

E sendo as 17h50 levántase a sesión da que, como secretario, dou fe.

Afonso Becerra Arrojo.

En Vigo, a 13 de decembro de 2021